

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*ORDE do 6 de agosto de 2021 pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional.*

Pola Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de marzo de 2017 (DOG número 59, do 24 de marzo), ditáronse as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes, de conformidade co establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

Mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 10 de agosto de 2017 (DOG núm. 157, do 21 de agosto), aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e formación profesional, por un período máximo de 6 cursos académicos ata o final do curso 2022/23; concertos que modificaron a Orde do 20 de xullo de 2018 (DOG número 154, do 13 de agosto), a Orde do 6 de agosto de 2019 (DOG número 159, do 23 de agosto), e Orde do 23 de xullo de 2020 (DOG número 159, do 10 de agosto).

De conformidade co artigo 4 da devandita Orde do 14 de marzo de 2017 os concertos educativos que se subscriban ou modifiquen pola presente orde rematarán ao final do curso 2022/23, sen prexuízo da súa posible modificación dentro do seu período de vixencia seguindo o procedemento do artigo 15 da mesma norma, a instancia de parte ou de oficio.

Por canto antecede, en aplicación do artigo 7 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, que aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, e do artigo 3 do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

*Artigo 1. Modificación dos concertos educativos vixentes*

1. Esta orde ten por obxecto modificar os concertos educativos subscritos polos centros docentes privados que se relacionan no anexo I desta orde, nos termos que no mesmo anexo se sinalan.



2. As modificacións a que se refire o número 1 deste artigo terán vixencia ata o final do curso 2022/23, sen prexuízo da súa posible modificación con anterioridade de conformidade co artigo 15 da Orde do 14 de marzo de 2017.

#### Artigo 2. *Desestimación de solicitudes*

Desestímense as solicitudes de modificación ou de subscrición de concerto educativo formuladas polos centros docentes que se relacionan no anexo II da presente orde polos motivos que en cada caso se especifican.

#### Artigo 3. *Formalización do concerto*

1. As modificacións formalizaranse mediante addenda ao documento administrativo de formalización do concerto educativo suscrito polo centro, que asinará a persoa titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada e o director xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade co artigo 3 da Orde do 9 de febreiro de 2021 de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección e nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Se a persoa titular do centro non subscribise a addenda ao documento administrativo de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaída no seu dereito.

#### Artigo 4. *Efectos da modificación*

As modificacións ás que se refire esta orde terán efectos económicos e administrativos desde o día 1 de setembro de 2021.

#### Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2021

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

**ANEXO I**  
**Modificacións realizadas de conformidade co artigo 15**  
**da Orde do 14 de marzo de 2017**

a) Educación Infantil.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15003200	CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo	Cee	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade
15020489	CPR Plurilingüe Montespiño	Culleredo	Coruña (A)	Incrementar o concerto: 2 unidades
15006511	CPR Plurilingüe Sta. Juana de Lestonac	Ferrol	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade
15015241	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada	Santa Comba	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade
15015482	CPR Plurilingüe Enma	Santiago de Compostela	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade
32001661	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Barco Valdeorras, (O)	Ourense	Suprimir o concerto: 1 unidade
32016728	CPR Plurilingüe Luis Vives	Ourense	Ourense	Suprimir o concerto: 1 unidade
36003820	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Grove (O)	Pontevedra	Suprimir o concerto: 2 unidades (supresión do concerto)
36004113	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Lalín	Pontevedra	Suprimir o concerto: 1 unidade
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	Pontevedra	Suprimir o concerto: 1 unidade
36009925	CPR Plurilingüe Amor de Dios	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto: 1 unidade

b) Educación primaria (EP) e educación secundaria obrigatoria (ESO).

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15032157	CPR Plurilingüe Andaina	Culleredo	Coruña (A)	Incrementar o concerto: 1 unidade de EP
15014520	CPR Plurilingüe Galaxia	Ribeira	Coruña (A)	Suprimir o concerto: 1 unidade de EP



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	Santiago de Compostela	Coruña (A)	Incrementar o concerto 1 unidade de EP
32016731	CPR Malvedo	Coles	Ourense	Suprimir o concerto: 2 unidades (1º/2º curso). Reducir 16 horas de orientación.
32009062	CPR Cardenal Cisneros	Ourense	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade de EP
32008446	CPR Concepción Arenal	Ourense	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade de ESO (1º/2º curso)
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar (O)	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade de ESO (3º/4º curso)
32020720	CPR Plurilingüe Miraflores	Pereiro de Aguiar (O)	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade de ESO (3º/4º curso)
36000569	CPR Salesianos A Mercé	Cambados	Pontevedra	Suprimir o concerto: 2 unidades de ESO (1º/2º). Reducir 1 hora de orientación
36004113	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Lalín	Pontevedra	Suprimir o concerto: 1 unidade de EP Suprimir o concerto: 1 unidade de ESO (3º/4º curso). Reducir 4 horas de orientación
36009925	CPR Plurilingüe Amor de Dios	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto: 1 unidade de EP

### c) Educación Especial.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15033071	CEEPR Aspaber	Carballo	Coruña (A)	Incrementar o concerto: 1 unidade-plurideficientes
15014349	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribeira	Coruña (A)	Concertar: 1 unidade-plurideficientes
32008665	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Ourense	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade-psíquicos
32016728	CPR Plurilingüe Luis Vives	Ourense	Ourense	Incrementar o concerto: 1 unidade-psíquicos
36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	Vigo	Pontevedra	Concertar: 1 unidade-plurideficientes
36010253	CEEPR Fogar e Clínica San Rafael	Vigo	Pontevedra	Concertar: 2 unidades-plurideficientes Suprimir o concerto: 2 unidades psíquicos
36019815	CEEPR Amencer	Pontevedra	Pontevedra	Suprimir o concerto 3 unidades-plurideficientes
36025104	CEEPR Amencer-Aspace	Vigo	Pontevedra	Concertar: 5 unidades-plurideficientes

### d) Formación Profesional Básica.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020431	CPR Agarimo	Arteixo	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do ciclo de Agroxardaría e Composicións Florais (1 unidade)
36000569	CPR Salesianos A Mercé	Cambados	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Agroxardaría e Composicións Florais (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Peiteado e Estética (1 unidade)
36016152	CPR Divino Maestro	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática de Oficina (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática e Comunicacions (1 unidade)
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática de Oficina (1 unidade)

e) Ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15021974	EFAG Fonteboa	Coristanco	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do ciclo guía no Medio Natural e de Tempo Libre (1 unidade)
15201986	CPR Cruz Roja Española	Coruña (A)	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do ciclo Atención a Persoas en Situación de Dependencia (1 unidade)
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo Farmacia e Parafarmacia (1 unidade)
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo Atención a Persoas en Situación de Dependencia (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo Electromecánica de Vehículos Automóbiles (1 unidade)

f) Ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020313	EFAG El Piñeiral	Arzúa	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do ciclo Educación Infantil (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo Márketing e Publicidade (1 unidade) Suprimir o 1º curso do ciclo de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais
15021974	EFAG Fonteboa	Coristanco	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do ciclo Transporte e Loxística (1 unidade)
15201986	CPR Cruz Roja Española	Coruña (A)	Coruña (A)	Concertar o 1º curso do Ciclo Laboratorio Clínico e Biomédico (1 unidade)
15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	Coruña (A)	Coruña (A)	Concertar o 2º curso do ciclo Administración e Finanzas (1 unidade)
15005270	CPR Afundación	Coruña (A)	Coruña (A)	Concertar o 2º curso do ciclo Desenvolvemento de Aplicacións Web (1 unidade)
36005671	EFAG A Cancela	Neves (As)	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo Educación Infantil (1 unidade)
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo Ensinanza e Animación Sociodeportiva (1 unidade)
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos (1 unidade)
36011622	CPR Aloya	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo Márketing e Publicidade (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo Transporte e Loxística (1 unidade)



**ANEXO II**  
**Solicitudes de modificación ou subscripción desestimadas**

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15010794	CPR Plurilingüe Jaime Balmes	Noia	A Coruña	Non existe necesidade de concerto destas ensinanzas. Superávit de prazas
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	O centro non dispón de autorización para impartir a ensinanza solicitada, segundo o artigo 3 da Orde do 14 de marzo de 2017
36025049	Centro de Formación Profesional San Eloy	Vigo	Pontevedra	O centro non deu cumprimento ao artigo 2 da Orde do 25 de xuño de 2019 (inicio actividade), coa imposibilidade de valorar as necesidades de escolarización que satisfai o centro; as ensinanzas non constitúen unha oferta formativa adaptada ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais; non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de marzo de 2017
36011300	CPR Plurilingüe San Blas-Vista Alegre	Vigo	Pontevedra	Non existe necesidade de concerto destas ensinanzas. Superávit de prazas
36011221	CPR Plurilingüe El Pilar	Vigo	Pontevedra	Non existe necesidade de concerto destas ensinanzas. Superávit de prazas

